



Traizón

UNHA ANÁLISE CRÍTICA DA CULTURA DA
VIOLACIÓN NAS SUBCULTURAS ANARQUISTAS

Título orixinal: *“Betrayal: A critical analysis of rape culture in anarchist subcultures”*

Edición orixinal: *Words To Fire Press*

Traduce e edita: Distribuidora Anarquista Polaris
<https://distripolaris.noblogs.org>
distripolaris@riseup.net

 : @distripolaris

Galiza, primavera 2023



Algunhas palabras previas

A intención de traducir e editar este texto xorde da necesidade, por desgraza aínda moi vixente, de cuestionar e interpelar a existencia dunha cultura da violencia sexual dentro de ambientes anarquistas. A pesar de todos os esforzos e sufrimentos des noses compañeiros por visibilizar o problema, crear e compartir recursos, elaborar protocolos, rexistrar testemuñas, esixir xustiza ou cobrar vinganza, a ameaza persiste. Non pensamos que se trate dun problema tampouco de escasez de ferramentas, pois os textos, as reflexións, os obradoiros e a longa lista de accións en contra da violación dentro e fóra dos espazos especificamente antiautoritarios están aí. O problema, se cadra, ten máis que ver coa actitude que temos perante este asunto.

Quen traduce, maqueta e edita este material e escribe esta introdución identifícome como home cishetero. Penso que teño unha responsabilidade comigo mesmo, co resto des miñes compañeiros, e en xeral, cos compromisos que conleva recoñecerse como anarquista. Isto non se trata de facer de madeiros unhes con outres, como di Clementine Morrigan, dicir “fuck the police” significa que non actuamos como policía entre nós. Máis ben, trátase de convidarvos a todes, e especialmente a todos, a un percorrido incómodo pero fundamental, na procura de xeitos de tratarnos, coidarnos e amarnos ou desexarnos que sexan auténticas, xustas e verdadeiramente emancipadoras e libertarias, e sobre todo, pola demolición dunha vez de todo ese monstro que é a violencia sexual e, en xeral, o Patriarcado. Agardamos que sirva de axuda.

Unha pequena aclaración...

Na edición orixinal en inglés, es autores aclaran que o uso da linguaxe de xénero neutro no texto é totalmente intencionado, e que a pesar de ser conscientes de que o Patriarcado é un sistema de poder estrutural e que a maioría de agresores que se atoparon son homes cis (así como a maioría de sobreviventes eran mulleres e/ou identidades disidentes), tamén se toparon con persoas non masculinas que lles agrediran, ou que reproduciran esa Cultura da Violación a pesar de non partir en principio de posicións de privilexio. Nós, ao traducir, quixemos respectar ao máximo este intento de reflectir a responsabilidade colectiva sobre isto, e por iso o texto está escrito con linguaxe inclusiva ou con palabras neutras tamén cando nos referimos a agresores. Isto xéranos contradicións pero pensamos que esa incomodidade pode ser tamén un bo punto de partida para debates e reflexións necesarias.

Non pretendemos para nada negar que os tíos (e especialmente homes cishetero) ocupan historicamente lugares de poder dentro do Patriarcado. Somos conscientes da devandita dimensión estrutural e é dende aí dende onde cremos necesario abordar este problema. Con todo, parécenos interesante (e importante) o enfoque que achegaron es autores do texto.



Exención de responsabilidade

Estamos fodidamente fartes de "exencións de responsabilidade". Amólanos ter que desculparnos polas nosas palabras e xustificalas antes mesmo de falar. Amárganos o especializados que se volveron os debates sobre violación, agresión sexual e abuso. Sentímonos insultades e avergoñades de ter que sinalar constantemente que non estamos a falar en nome de todes es sobreviventes, coma se tal cousa fose posible. Claro, apreciamos un aviso de contido ben colocado. É unha boa etiqueta. Pero cando os intentos fanáticos de evitar mutuamente o "*trigger*"* serven como ferramentas para relegar ás marxas as discusións sobre violencia interpersoal, para envolver a cuestión nunha caixa ordenada que só se saca en ocasións especiais nas que se pode garantir unha ilusión de "seguridade"... entón empezamos a alporizarnos. Se só falamos da nosa opresión dende a posición da seguridade, sempre estaremos en silencio. Se non podemos aprender a traballar a través do "trigger" entre amigos e compañeiros, estaremos mal equipades para o traballo na súa ausencia. Unha atmosfera de nerviosismo impregna o debate, e pedimos consello aos especialistas en parte polo noso medo a dicir algo incorrecto. Pero do que estamos a falar é de nosas propias experiencias, un tema no que todes somos expertos. Así que anhelamos o día no que non necesitemos colocarnos baixo ningunha exención de responsabilidade nin de calquera outra etiqueta para o caso.

Pero ao mesmo tempo, recoñecemos que aínda non chegamos aí. Estes temas síguen estando tan cargados, e o apoio dispoñible é tan escaso, que as nosas palabras manteñen un tremendo potencial de facer dano. Así que, mentres tanto, debemos ter coidado cando falamos, para así non converternos en aliados involuntarios das forzas ás que pretendemos opoñernos. Con iso en mente, ofrecemos algunhas aclaracións antes de comezar...

Algunhes dos autores deste texto son sobreviventes, outros están a reflexionar sobre o seu propio rol como persoas que foron abusivas no pasado, pero todes comparten un compromiso de loitar contra a Cultura da Violación. Cando dicimos "nós", non nos estamos referindo a "sobreviventes", nin sequera ao grupo de autores, senón a calquera que estea dacordo coa declaración realizada, e se cadra, de forma máis ampla, a calquera que se vexa a si mesma como parte desta loita

* **Nota de Traducción:** En inglés, "*trigger*" significa gatillo ou desencadeante. "*Trigger warning*" é un aviso de contido sensible. Non o traducimos porque trigger úsase tamén en castelán para aquilo que pode (re)activar o trauma ou ferir a sensibilidade de persoas vulnerables.

Seguramente hai sobreviventes cuxas experiencias aparentemente contradin os argumentos presentados aquí. Pero, por suposto, os exemplos citados ao longo deste texto non pretenden ser exhaustivos nin abarcalo todo. Non vemos as nosas propias experiencias como exemplares para as vivencias de todes es sobreviventes, nin sequera para a maioría. Con todo, si proporcionan exemplos de como se materializou a Cultura da Violación nas nosas propias vidas, un punto que cremos que pagaba a pena compartir.

Poderíase nos criticar, con razón, por centrarnos tanto nos ambientes anarquistas, cos cales, por suposto, moitos sobreviventes non se identifican. Pero viamos pouca utilidade en tentar estendernos alén das nosas propias experiencias coa esperanza de ser máis "relevantes". Tamén agardamos que unha análise anarquista do Poder e da loita proporcione un marco útil para deconstruír o funcionamento da Cultura da Violación, e isto se cadra podería dar perspectiva mesmo a aqueles que non están familiarizados coa subcultura anarquista. Temos a crenza de que as dinámicas que describimos ecoarán noutros ambientes tamén.

Es noses amables lectores tamén notarán que eliximos usar unha linguaxe de xénero neutro ao longo do texto. Por suposto, a maioría de sobreviventes son mulleres ou persoas non conformes coas identidades de xénero patriarcais, mentres que a maioría de autores desas agresións son homes cis. A neutralidade da nosa linguaxe escurece a natureza sistemática non só disto, senón en xeral da forma na que a violencia interpersoal foi constantemente unha ferramenta para a invasión colonial, a ocupación imperialista e o mantemento da supremacía branca. Escurece o xeito no que a organización contra a violencia interpersoal foi historicamente cooptada por feministas brancas de clase media, deixando ás mulleres racializadas**, as mulleres pobres, as persoas queer e trans, con menos acceso a recursos de apoio. Non era a nosa intención despolitizar a natureza da violencia interpersoal cunha linguaxe neutra en canto ao xénero (certamente, cando se trata de xénero non somos neutrais!). Pero tendo dito isto, tamén queríamos recoñecer que a xente de todas as identidades e con todos os percorridos vitais, poden ser tanto sobreviventes como agresores, ou mesmo ambas ao mesmo tempo. Non queríamos que aqueles cuxas experiencias non encaixan nos binarios opresivos ficasen aínda máis marxina des aquí.

**** Nota de Traducción:** Na versión orixinal do texto en inglés, a expresión utilizada é "*women of colour*" (mulleres de cor). Decidimos substituíla por mulleres racializadas, xa que algunhas persoas negras expresáronnos que o concepto "persoa de cor" é racista (seica as persoas brancas somos transparentes? non temos cor? ou a cor só conta cando non é o que a supremacía branca establece como hexemónico?).

Finalmente, **ofrecemos unhas poucas definicións**, non para que podamos ditar como se deben usar estas palabras, senón para que se poida entender como se pretendía o seu uso neste texto:

Cultura da Violación: Unha cultura que busca escusar, condonar, normalizar e alentar á violencia interpersoal.

Violencia interpersoal: Un termo paraugas usado comunmente para describir diferentes formas de violencia que son inflixidas sobre unha base interpersoal pero teñen a súa raíz en sistemas de poder expansivos. A violación, a agresión sexual, o acoso sexual, así como o abuso sexual, físico e emocional dentro de relacións son todos exemplos de violencia interpersoal.

Sobrevivente: Unha persoa que experimentou ou está a experimentar violencia interpersoal, segundo definen es propies sobreviventes.

Agresor: Unha persoa que inflixiu violencia interpersoal a outra(s) persoa ou persoas, segundo definen es propies sobreviventes.

Autonomía des Sobreviventes: O fundamento teórico no que se basea a maior parte do traballo de apoio radical. A autonomía de sobrevivente é o concepto de que debemos conceder a unhe sobrevivente o poder e a autonomía para decidir por si mesmo como tratar co seu propio trauma, e de que o papel dos seus apoios é empoderar e alentar esta autonomía. Isto atópase en contraste con outros enfoques que non consideran que es sobreviventes teñan a mellor comprensión das súas propias necesidades nin recoñecen como verdadeiramente únicas e diferentes as necesidades de cada sobrevivente en particular, e no seu lugar buscan impoñerlles o xeito "apropiado" de sanarse.

Apoloxistas: Aqueles que, a través da acción ou a inacción, buscan defender o poder des agresores ou o desempoderamiento des sobreviventes, reproducindo así a Cultura da Violación.

Proceso de responsabilización: Un proceso a través do cal unhe agresore tenta responsabilizarse das persoas ás que fixo dano, e involúcrase nunha reflexión propia co fin último de cambiar o seu comportamento a longo prazo.



Parecería que en todo o entorno anarquista, mires onde mires, hai unha comunidade sendo devastada pola violación, a agresión sexual e o abuso. Estes ciclos non son novos nin exclusivos des anarquistas. Á primeira vista, parece sorprendente que as nosas comunidades se atopen, como mínimo, tan vulnerables á violencia interpersoal como calquera outra. Despois de todo, non partimos da oposición á dominación, sen a cal a violencia interpersoal non podería existir? E aínda así, o único que mantén unidas a estas comunidades, unha política ou unha análise política supostamente compartida, é ás veces o punto máis feble nas respostas anarquistas á violencia interpersoal.

A pesar de ser unha comunidade explicitamente política na súa natureza, es anarquistas a miúdo despolitizan a violencia interpersoal e divorcian a súa orixe do poder sistémico. Por exemplo, a necesidade de boas prácticas de consentimento vólvese confusa coa crenza de que informar á xente sobre o consentimento transformará as nosas comunidades, como se a violación fose o resultado da ignorancia ou da falta de información, e non de estruturas de poder profundamente arraigadas.

As estratexias que es anarquistas adoptaron, como os procesos de responsabilización, con frecuencia fracasan á hora de abordar a violencia interpersoal nos nosos contextos.

O aparente fracaso do proceso de responsabilización para transformar as nosas comunidades é ás veces visto fóra do contexto dese fracaso, sen examinar as forzas sociais máis amplas que contribuíron a el. Este descoido é un resultado desa falta de contexto e tamén un precursor dela. Os procesos de responsabilización estreitan o noso foco; enfrontámonos a sistemas de poder expansivos mentres nos aseguran que tratar con instancias individuais os deconstruírá. Falamos de patriarcado, colonialismo, heterosexismo, pero tratamos só cunhe agresore.

Nas nosas conversas informais, estamos dacordo en que "o poder non concede nada sen a ameaza da forza", pero os nosos intentos de responsabilización adoitan tomar a forma de persuasión moral, baseándose en nocións de xustiza liberal-burguesa. Como se as nosas eleccións fosen máis ca unha reacción calculada ás condicións materiais nas que nos atopamos. Por suposto, unhe agresore escolle buscar ou rexeitar a súa responsabilidade, pero que fai posible esta elección? Que condicións promoven estes sentimentos de dereito sobre outra persoa? Son esas condicións as que, cando se ven dende o terreo da loita, deben recoñecerse como o que son: territorio inimigo. É dende esta realización que tentamos lanzar o noso ataque.

A insistencia en que a violencia interpersonal é perpetuada por algo máis que só es agresores reais non pretende desviar a responsabilidade para afastala des devandites agresores. Pola contra, é un recoñecemento dos moitos factores que lles autorizan a eludir a responsabilidade. Igual que e yuppie dos suburbios require dun sistema social vasto e complexo para enmascarar as consecuencias negativas do seu destrutivo estilo de vida, unhe agresore que rexeita a responsabilidade é a miúdo capacidade por unha rede social similar. Tales redes non están compostas soamente por aqueles que defenden explicitamente a unhe agresore, senón por todes es que aseguran que o equilibrio de poder permaneza inclinado ao seu favor. O aspecto que isto ten en termos prácticos variará. Silenciamento, represión, recuperación, ou a miúdo combinacións de varios destes métodos, son usados contra es sobreviventes e a súa loita. O factor definitorio sempre será o que reproduza máis eficazmente a Cultura da Violación.

Silenciando a loita

“Ao final, non serán as palabras dos nosos inimigos o que lembremos, senón o silencio dos nosos amigos.”

O termo "silenciar" popularizouse nas nosas comunidades, pero só cunha definición limitada. Chamar mentireira a unhe sobrevivente, conxurar as súas experiencias sexuais, as súas desviacións ou o seu estilo de vestir para botarlles a culpa, ou pola contra para insinuar que "estabano buscando", son todos comportamentos cos que a maioría des anarquistas engurrarían o cello, aínda que de cando en cando moléstanse en confrontalos. Esta hipocrisía dános unha pista dun problema maior, revelado por unha mirada máis próxima á nosa concepción do que é "silenciar". Os exemplos mencionados só aplican ae sobrevivente que expuxo ae súa agresore, ou que falou abertamente sobre as súas experiencias. Pero, por suposto, moites sobreviventes nunca chegan tan lonxe.

Daquela, que lles silencia? Son es outros membros do seu grupo de afinidade, que manteñen unha falsa separación entre a loita contra o Estado e a loita contra outros sistemas de poder (especialmente aqueles dos que se benefician)? Son es compañeiros de piso que nunca recoñecen dinámicas fodidas por medo a activar o "trigger" dalguén, coma se unha oferta de apoio fose ser máis impactante que o illamento total? Son es demais asistentes ao espectáculo que descartan a loita por quisquillosa, demasiado persoal, ou por ser mero "drama", coma se unhe sobrevivente que loita contra a súa opresión estivese a ser "dramático"? Son es compañeiros do seu coletivo que lamentan *“non estar en posición”* de ofrecer apoio, mentres seguen en posición de pasar o rato con agresores de xeito regular?

É a persoa coñecida que afirma non estar en posición de confrontar ae agresore porque nin sequera teñen amizade, ou a persoa coñecida que afirma o mesmo porque si é amiga de agresore? É a xente que organizaron ese evento, es que din que non saben nada da situación, mentres fan todo o que está na súa man para asegurarse de non sabelo nunca? É e súa compañeira de banda musical que afirma que pode entender "ambos lados", ou que evita os bandos por completo, coma se isto non fose unha fodida guerra? Mesmo vimos a apoloxistas da violación dar a volta á Autonomía des Sobreviventes, alegando que non recibiran instrucións explícitas dunhe sobrevivente, así que por suposto non tiveron outra elección que manter unha amizade acrítica coes súes agresores! Se cadra non é o silencio des sobreviventes, senón o daqueles que lles rodean, o que é verdadeiramente revelador. Sen ninguén que diga o contrario, unhe sobrevivente só pode asumir que recibirá o mesmo trato que todes es demais sobreviventes que lles precederon.

Se ampliamos a nosa definición do que é "silenciar" a todo aquilo que traballa para manter o silencio, entón non estamos definindo só uns poucos comentarios especialmente insensibles. En cambio, o que implicamos é a totalidade da nosa cultura.

Daquela, que pasa coa responsabilidade? Abuso, agresión, unha total falta de responsabilidade; todos son asuntos habituais no mundo tal e como o coñecemos. Pero a normalidade mantense máis eficazmente a través da complacencia das masas que a través da brutalidade dos seus amos. Mentres a violencia proporciona o fundamento a través do cal se reproduce a Cultura da Violación, tamén presenta certos riscos: que a súa experiencia compartida poida crear lazos de solidariedade, que as liñas do conflito se tracen con máis claridade, que a xente contraataque. O proceso de normalización busca socavar estes riscos invisibilizando a violencia. Os apoloxistas obvios, os matóns que te chaman "*puta*" como se fora algo malo e creen que o agresor é a vítima, nin se achegan a normalizar a violencia como es súes cómplices máis subtís, quen gardan completo silencio sobre o tema.

Estes apoloxistas máis sofisticades comparten espazo coes agresores; marchan a canda eles en manifestacións e bailan con eles nas festas, sen pronunciar nunca unha única palabra sobre violencia interpersonal. Cando se lles obriga a falar do tema, suspiran e din que "*é complicado...*". Mesmo poden afirmar estar disgustades pola violencia, aínda que na súa maioría o que están é tristes porque tiveras que interromper o seu evento para confrontala. Lamentan "*se o soubera!...*" mentres manteñen as súas cabezas adrede nun buraco no chan.

Desatando a represión

Esta conspiración de silencio non só busca rematar coa loita dunhe sobrevivente antes mesmo de comezar, senón tamén proporcionar o telón de fondo para o que lle vai acontecer ás poucas persoas sobreviventes que se neguen a ser amordazadas. Para unhe sobrevivente, falar abertamente das súas experiencias nun clima así só se pode entender como un acto de resistencia, e como con todo acto de resistencia, a represión é un resultado probable. Esta represión ten máis matizes que os golpes dos policías ou as armas dos soldados, aínda que eses tamén se volven contra es sobreviventes. Estas forzas represivas teñen maior probabilidade de ser mental e emocionalmente devastadoras. Os axentes desta represión non nos resultan familiares polos seus uniformes ou polas súas placas, senón como es noses supostos compañeiros e antigas amizades¹. Moites de nós estamos acostumades a ver só á policía neste papel represivo, e por suposto tamén teñen o seu papel na reprodución da Cultura da Violación. Pero nas nosas propias comunidades radicais, o papel do Estado nesta reprodución semella reducido. Despois de todo, non ten moito sentido que o Estado gaste os seus recursos cando tantes autodeclarades anarquistas están dispostes a facer o traballo de balde.

Aqueles que dubidan da brutalidade deste aparato represivo interno probablemente nunca estiveron no extremo receptor. As "comunidades" ás que se recorre con tanta frecuencia coa expectativa do apoio mobilízanse máis a miúdo contra es sobreviventes en nome des súes agresores, nun desconcertante contraataque. É difícil ilustrar de xeito apropiado o que moites sobreviventes tiveron que aturar a mans des súes supostos compañeiros anarquistas. Chamalo campaña de desprestixio dificilmente faille xustiza.

Un exemplo evidente é o asasinato da personaxe de sobrevivente. Nengún aspecto da súa vida escapa ao escrutinio, todes en busca de calquera detalle que poida ser usado en contra dele. Estes detalles, xa sexan xenuínos ou fabricados cando sexa necesario, son frecuentemente usados para invalidar as súas experiencias de violencia e valorizar aes agresores. Poucas persoas serán tan torpes como para acusar descaradamente a unhe sobrevivente de mentir, aínda que hai máis autodeclarades anarquistas dispostes a facer isto do que nos gustaría

1. Polo menos entre a maioría des anarquistas, a policía é un inimigo anónimo. Non temos que verles deitando aes súes filles pola noite, non nos contan chistes mentres bebemos cervexa, non nos confrontan coa contradición da súa propia humanidade. Este non é o caso daqueles que son sinalades por agresión ou abuso dentro dos círculos anarquistas, unha realidade que moites agresores aproveitan ao máximo.

admitir. No canto diso, a maioría utilizarán algunha serie de lixeiras variacións como un xeito de dicir o mesmo.

Se cadra, unhe sobrevivente non deu ningunha pista do abuso mentres o sufría, se cadra consentiu certa actividade sexual pero non toda, se cadra sentiu a necesidade de revelar certas experiencias e gardarse outras, se cadra necesitaba tempo para procesar o seu trauma e só o revelou gradualmente, se cadra tiña os seus propios problemas co poder ou os límites. Poderíamos seguir, pero por suposto o que importa non son os detalles en si mesmos, senón como poden ser retorcidos, sacados de contexto, ou utilizados para socavar a credibilidade des sobreviventes. Historias do pasado, adicións, mecanismos de afrontamento, débedas, inseguridades, incluso a identidade política dunhe sobrevivente, para eles todo é xogo limpo². Cando esta estratexia ten éxito, es sobreviventes son vilanizados e es súes atacantes pasan a ser as vítimas de mentiras e manipulación. Pero mesmo se fracasa o aparente obxectivo de desacreditar aes sobreviventes a ollos da comunidade, o propio proceso pode seguir sendo efectivo ao expulsar aes sobreviventes de dita comunidade. Saber que o mero feito de entrar nun espazo anarquista significa que case todo o mundo discutiu en profundidade a túa vida persoal crea unha tremenda barreira, independentemente das conclusións que a xente puidera ter sacado. Es sobreviventes poden sentirse obrigades a anticiparse a esta dinámica ao involucrar aes súes críticos. A miúdo, isto xoga coas demandas de "probos" ou de detalles das agresións ou do abuso. O aspecto retraumatizante disto é outro ataque adicional ae sobrevivente, e con frecuencia máis que socavar o conflito, alimentao.

A medida que medra a tensión, empeza a estenderse a novos terreos. As partes anteriormente non involucradas que poderían non coñecer sequera ae sobrevivente ou á persoa agresora quedan atrapades na crecente algarabía, e a organización vese interrompida. Por suposto, neste punto a normalización rompeuse e o aparello represivo xa non ten nada que perder se non se contén.

Es anarquistas que doutro xeito desprezarían a política des liberais agora recorren a ela en busca de reforzos. *"Estas divisións fannos dano!"*, choromican. Por suposto

2. Este mesmo proceso ás veces esténdese tamén á rede de apoio dunhe sobrevivente. De feito, centrarse principalmente nes súes acompañantes ás veces permite aos axentes da represión seguir finxindo que apoian ae sobrevivente, mentres sabotean calquera apoio xenuíno. Estes ataques apenas velados, aínda que posiblemente devastadores para es acompañantes, deben entenderse principalmente como ataques ae sobrevivente, aínda que sexan indirectos. Nos peores escenarios, estes ataques provocan un conflito dexenerado entre os cómplices da Cultura da Violación e unha rede de apoio, deixando unha vez máis ae sobrevivente en segundo plano e sen poder.

tales divisións nunca son culpa des agresores ou das súas accións, senón des sobreviventes por insistir en que o trauma que experimentaron non pode quedar sen resposta. Bótaselles a culpa de esnaquizar a comunidade e, en última instancia, de socavar "a loita". A importancia deste último punto non pode ser esaxerada. Os descartes previos da comunidade en xeral, que suxerían que "a loita" simplemente exclúe aos sobreviventes e ás súas necesidades, agora aclaranse para revelar que, de feito, estas loitas son diametralmente opostas. Para que fique perfectamente claro, es anarquistas que senten que a súa loita está a ser socavada por unhe sobrevivente están implicades, de feito, nunha loita contra es sobreviventes, xa que son defensores activos dunha Cultura da Violación. A miúdo compararán a loita des sobreviventes cunha "*caza de bruxas*" cando eles mesmos teñen máis en común cos executores que con aquelas queimadas na fogueira.

Como mencionamos antes, se unhe sobrevivente pode ser silenciado, e as súas experiencias normalizadas nunha Cultura da Violación, a represión volverase redundante. Diso dedúcese que a falta dunha represión tan aberta, cando se acompaña dunha falta de apoio para es sobreviventes e de responsabilidade para es agresores, non é indicativa da ausencia dunha Cultura da Violación, senón todo o contrario; revela unha Cultura da Violación que está totalmente sementada, como unha ocupación militar que arraigou tanto que volveu innecesarios os tanques e os soldados.

Se non podes vencelos...

Como aludimos anteriormente, estas medidas represivas poden dividir realmente as filas des apoloxistas máis moderades da violación, socavando o fronte común contra es sobreviventes. Ao mesmo tempo, as medidas represivas considéranse como mínimo necesarias cando se rompe o proceso habitual de normalización. Isto sinala unha das maiores contradicións dentro da Cultura da Violación: que a violencia mesma na que se basea para reproducirse tamén revela a súa verdadeira natureza para que todes a vexan. Esta contradición é resolta polas forzas recuperadoras dentro das comunidades radicais que buscan cooptar o apoio aes sobreviventes e redirixilo contra eles. Moites afirmarán apoiar a unhe sobrevivente mentres que, en realidade, socavan a súa autonomía. Isto faise xeralmente limitando o posible alcance da resposta dunhe sobrevivente para excluir calquera cousa que poida alterar aínda máis a paz social. Estes falses acompañantes traballan para manter a imaxe dunha comunidade acolledora, pero no proceso evitan calquera compromiso verdadeiramente crítico coa comunidade. As súas ferramentas son a linguaxe e os marcos organizativos que foron forxados



poles sobreviventes e es súas acompañantes, dos que se apropián co propósito de desempoderalos e retorcelos para usurpar a loita des sobreviventes.

Inicialmente, foi necesario crear palabras e novos marcos para usalas, xa que nin sequera existía a linguaxe para que es sobreviventes falasen das súas experiencias. Desafortunadamente, as palabras son facilmente recuperadas, e agora podemos ver as limitacións inevitables de confiar nelas tan fortemente. Houbo un tempo no que es radicais defendían o uso da palabra "agresor" como un intento de eludir o estigma de palabras máis duras. O marco de Xustiza Restaurativa que antes prevalecía enfatizaba a capacidade de cambio dunha persoa.

"Violador" ou "abusador" apenas subliñaban estes valores, e moites sentiron que mantiñase aes violadores e abusadores pechades neses roles, do mesmo xeito que referirse aes sobreviventes como "víctimas" potencialmente mantiñalles pechades nun momento de subxugación en lugar de subliñar a súa forza e perserverancia. Por suposto, agora enfrontámonos a unha nova onda de activistas contra a violencia, que lamentan a natureza estigmatizada da palabra "agresores", e avogan polo termo aínda máis diluído "persoa que causa dano". Tal vez sexa hora de se decatarse de que se a capacidade de cambiar des agresores non se recoñece amplamente, iso é o resultado das súas propias accións máis que das palabras que usamos para describirlles. Isto non quere dicir que non debemos escoller as nosas palabras estratexicamente, ou que non debemos usalas cunha forte intención, senón que a nosa aparente obsesión coa linguaxe ten serios inconvenientes. No mellor dos casos, déixanos atrapados nun ciclo interminable para atopar as palabras correctas máis que para abordar as nosas deficiencias máis significativas. No peor, preserva as dinámicas de poder da Cultura da Violación ao atribuír a culpa aes sobreviventes e a quen es apoia, e non aes agresores e aes súas apoloxistas.

Esta estraña inversión, onde a negativa dunha persoa agresora a responsabilizarse é vista, polo menos parcialmente, como o resultado das fallas na resposta de sobrevivente, é un patrón común do que se aproveitan as forzas recuperadoras da Cultura da Violación. Os fanzines e os panfletos enumeran estratexias cara á responsabilidade que buscan evitar que es agresores póñanse á defensiva, as cales se cadra enténdense mellor como estratexias cara á responsabilidade que buscan acomodar a actitude defensiva des agresores. O único que un enfoque así evita é o recoñecemento de que estar a defensiva non é algo que es demais impoñen a unha persoa, senón unha resposta reaccionaria da que debemos decatarnos e na que debemos traballar para que calquera toma de responsabilidade realmente xenuína poida ser posible. Moites usarán o termo

"á defensiva" sen sequera preguntarse "defendéndose de que?".

Por suposto, moitos sobreviventes que anticipan a actitude defensiva e o aparello represivo activado por ela fixeron bo uso das devanditas estratexias no curto prazo para iniciar un diálogo, ou para formular demandas respecto á seguridade inmediata sen a meta de transformar a agresores. Non temos interese en cuestionar as eleccións que fixeron es sobreviventes nin desalentar a difusión de estratexias potencialmente útiles (porque, por suposto, o útil que podería ser un enfoque determinado só poden decidilo es propies sobreviventes). A nosa preocupación vén cando a acomodación da actitude defensiva ou das estratexias implícitas nela convértese nunha ferramenta de falses acompañantes coa que limitar as posibles eleccións dispoñibles para es sobreviventes, ou criticar aquelas eleccións dunhe sobrevivente que desaprobaban. Os debates sobre como sinalar a agresores de cando en cando céntranse nas necesidades des sobreviventes. "Evitar a actitude defensiva" proporciona o pretexto para desviar a discusión de novo cara ás necesidades des agresores. Unha vez que unhe agresore foi sinalade, úsase un marco similar para socavar o apoio para unhe sobrevivente. Os falsos apoios ae sobrevivente asegúranos sen cesar que non están enfadades porque se sinalou á persoa agresora, senón só polo xeito no que se sinalou. Aparentemente, o feito de que unhe sobrevivente falase abertamente das súas experiencias é considerado máis violento e controvertido que a propia violencia das devanditas experiencias, as cales en comparación xustifican moi pouco debate. A forma na que a resposta pública dunhe sobrevivente pode reflectir as súas necesidades non semella ocorrérseles aes falses acompañantes, xa que só lles preocupa a súa propia necesidade de preservar unha paz social artificial. De novo, vemos ás tendencias liberais asomando a cabeza, xa que a insistencia des falses acompañantes en denunciar a resistencia des sobreviventes e en afirmar que tamén desprezan a Cultura da Violación mentres minimizan simultaneamente calquera loita contra ela, é unha reminiscencia des liberais que afirman estar dacordo cos agravios de quen protesta e, con todo, condenan calquera acción que puidesen levar a cabo para abordalos. Es liberais quéixanse de que a intensidade e a ferocidade sabotean a loita, pero por suposto es anarquistas sabemos que o verdadeiro problema é que non fomos o bastante lonxe.

Como apuntábamos, todo isto é parte dun patrón máis grande para manter as dinámicas de poder das que depende a Cultura da Violación. Hai outros exemplos, incontables. O proceso de responsabilización en si mesmo pode ser un arma de dobre filo. As comunidades radicais a miúdo divorcian os procesos de responsabilización do seu lugar dentro dun marco máis amplo de Xustiza Restaurativa, ofrecéndoos como a única resposta á violencia íntima, mentres, de

xeito simultáneo, evitan calquera intento adicional de previr a violencia antes de que ocorra. Este falso acompañamento coloca as necesidades de sobrevivente nun segundo plano fronte á pregunta de como tratar coa persoa agresora, de novo priorizando as necesidades desa persoa agresora e mantendo o patrón de dominación. O pouco apoio que se ofrece aos sobreviventes replica con frecuencia esta mesma dinámica. Un dos modelos de apoio de uso máis común, o de plantexar demandas aos agresores³, de novo deixa toda a axencia nas mans da persoa agresora, especialmente cando non hai un plan de continxencia no caso de que esa persoa se negue a colaborar. Es sobreviventes que se involucran emocionalmente con eses modelos como un camiño de sanación a miúdo fican devastados cando as demandas non conseguen nada ou, peor aínda, cando incitan un novo bombardeo dos agresores e as súas forzas represivas. É bastante revelador que eses modelos prevalezan en ambientes anarquistas, onde é amplamente recoñecido que as demandas son maiormente inútiles cando non se acompañan da ameaza da forza.

Ademais do seu papel no contexto máis amplo, o propio funcionamento interno do proceso de responsabilización ten o potencial de ser secuestrado e usado contra unhe sobrevivente. O concepto de Autonomía dos Sobreviventes, que unha vez formou o fundamento teórico do proceso de responsabilización, é a miúdo descartado, transformando o proceso nunha forma ineficaz e liberal de resolución de conflitos. Sen estar informados por unha análise clara da dinámica de poder en marcha, por suposto, mantense o poder predeterminado dos agresores. O obxectivo segue sendo a rehabilitación dos agresores, e, moi probablemente, a continuación da súa participación na comunidade, pero es falses acompañantes que secuestraron o proceso de responsabilización agora poden facelo a expensas de sobrevivente, definindo egoístamente a "rehabilitación" dos agresores de calquera xeito que lles resulte conveniente. Nos casos máis extremos, os procesos de responsabilización serán iniciados en contra dos desexos explícitos dos sobreviventes, como un intento de lexitimar aos agresores a ollos dos demais. A pretensión de facer diso un "asunto comunitario"⁴ permite aos falses acompañantes non só arrebatarlles o control aos sobreviventes, senón tamén retratar a aqueles que se neguen a cooperar co seu propio desempoderamento como unha barreira para a responsabilización.

3. Nalgúns casos, tamén se fan demandas á comunidade en xeral, a miúdo co mesmo efecto.

4. Isto non quere dicir que os problemas de violencia íntima non sexan problemas comunitarios, senón que unha comunidade xenuína buscará empoderar aos súos sobreviventes e fomentar a súa autonomía. Revélase que os aspectos dunha comunidade que atopan os seus propios intereses en conflito cos dos sobreviventes non son parte dunha comunidade anarquista en absoluto, senón dunha guarnición inimiga infiltrada entre nós.

A farsa vergoñosamente común des falses acompañantes que informan a unhe sobrevivente de que, en realidade, e súa agresore *"traballouse a súa merda"* derivase desta dinámica ou doutra similar.

Nos casos menos extremos, a participación des sobreviventes permitírase pero só mentres se manteña dentro dos parámetros fixados poles sús falses acompañantes. As represalias contra agresores, físicas ou doutro tipo, están completamente fóra dos límites. Mesmo cuestións de seguridade inmediata, como compartir espazo cunhe agresore, están suxeitas á discreción des falses acompañantes. De novo, vemos unha linguaxe radical que se volve en contra des sobreviventes, xa que as súas demandas de espazo dentro das súas comunidades son terxiversadas por falses acompañantes e comparadas co sistema carcerario (por non ter feito da rehabilitación a única meta, ou por "castigar" a unhe agresore) ou abertamente referidas como un intento de "desterrar" aes agresores. Por suposto, a falta de sinceridade destas preocupacións revélase cando proporcionan o pretexto para que sexa a persoa sobrevivente a que sexa desterrada da comunidade no seu lugar.

O rol des agresores no proceso de responsabilización secuestrado⁵ tamén reproduce o seu poder. Nalgúns casos, permíteselles formular demandas aes sobreviventes ou ben expor criterios sobre a súa propia participación. Con demasiada frecuencia, cando se lles sinala, es agresores ou es sús apoloxistas responden facendo os seus propios "sinalamentos" á defensiva. Como se discutiu anteriormente, acusarán ae sobrevivente de calquera mala acción na que poidan pensar, ou mesmo inventarano cando non aparezan verdadeiras fechorías polas que render contas. No canto de recoñecer estes patéticos intentos de difamación como as transgresións manipuladoras que son, es falses acompañantes a miúdo únense aes agresores en absurdos chamados á "responsabilidade" des sobreviventes⁶. Dende esta posición de rectitude de novo cuño, e coa complicidade des sús falses acompañantes, a persoa agresora é libre de alterar o carácter mesmo do proceso de responsabilización. O que empezou como unha sinalización convértese en algo máis parecido a unha negociación, xa que a cooperación da persoa agresora vólvese continxente para que es sobreviventes aborden as súas preocupacións.

5. Por suposto, unha vez secuestrado, xa non é un proceso de responsabilización, e sexan cales sexan as palabras que usen es falses acompañantes para describilo, xa sexa unha mediación, unha resolución de conflitos ou un círculo de sanación, o resultado non será a rendición de contas.

6. Mentres tanto, as forzas represivas non son tan conciliadoras, e no seu lugar utilizan as alegacións defensivas unicamente para atacar aes sobreviventes. Quizais isto explique por que tantes sobreviventes involúcranse coa farsa des falses acompañantes, aínda que só sexa porque non parece tan mala en comparación.

Se cadra, algunhas destas preocupacións poderían mesmo ser válidas, pero, por suposto, o importante non é a súa validez senón o seu papel en socavar a loita des sobreviventes. E sobrevivente agora debe gañarse non só a responsabilidade que obtén da persoa agresora, senón tamén o apoio que recibe da comunidade. Aqueles sobreviventes que non queiran ou non poidan pasar por todos os aros serán descartados. Nunha perversión final do proceso de responsabilización, es sobreviventes serán es culpables do seu fracaso, porque non estaban dispostes a "arranxar as cousas". Neste punto, o marco da chamada "Xustiza Restaurativa" foi tan distorsionado que só logra "restaurar" a dinámica de poder dunha Cultura da Violación que, doutro xeito, viuse comprometida pola loita des sobreviventes.

Mazás podres

En comunidades radicais, especialmente, es apoloxistas non sempre apoiarán a unha persoa agresora. Nalgúns casos, a contradición de facelo sería tan evidente que nin sequera a súa propia imaxe como "anarquistas" sobreviviría. Unha vez máis, a ideoloxía liberal vén ao rescate. Así como es apoloxistas da brutalidade policial insistirán en que isto só resulta de "algunhas mazás podres", como unha súplica para evitar calquera análise estrutural da policía ou do seu papel na sociedade, es apoloxistas da violación tentarán usar de chivo expiatorio á persoa agresora de forma individual, sacrificándoa no altar da Cultura da Violación. Poden facer referencia ao seu propio desgusto cunhe agresore, ou xactarse de que xa non falan con esa persoa, coma se estas cousas fosen proba do "solidaries" que son. Por suposto, a desaprobación das accións dunhe agresore non equivale automaticamente ao apoio para uhne sobrevivente. Nalgúns casos, demonizar aes agresores contradecirá os desexos des sobreviventes, mentres que noutros agresores e sobreviventes poden ser excluídos simultaneamente, xa que o aparello represivo continúa os patróns de dominación en ausencia des agresores⁷. A mera exclusión des agresores como única resposta foi moi criticada noutros lugares, pero gustaríanos salientar que tal enfoque serve para protexer a Cultura da Violación ao evitar confrontacións directas con ela. Ao facelo, es apoloxistas poden esternalizar os aspectos negativos da Cultura da Violación como algo separado de si mesmas. Ao proxectar todo nunhe agresore en concreto (ou tal vez en todes), es apoloxistas poden desviar calquera análise das relacións sociais que producen aes agresores, especialmente do seu propio papel nela. Ao sinalar algunhas mazás podres, distráennos do feito de que todo o grupo está podre.

7. Dito isto, ás veces es sobreviventes queren que es súes agresores sexan condenados ao ostracismo. Esta é unha resposta válida e comprensible e debe ser respectada. Non hai nada mutuamente excluínte en analizar os sistemas de poder e rexeitar aes agresores.

Por suposto, isto tamén evita toda a cuestión do apoio para unhe sobrevivente e busca unha resolución (por exemplo, desfacerse des agresores) que non aborda as necesidades da persoa sobrevivente. Isto revela a verdadeira prioridade da Cultura da Violación, xa que usar de chivo expiatorio a unhes cantes agresores aínda deixará intactas as estruturas sociais opresivas, mentres que es sobreviventes que logran loitar con éxito contra esas estruturas ameazan o seu propio fundamento. A Cultura da Violación valora aes agresores tanto como calquera exército imperialista valora aos seus soldados rasos. Sacrificaralles felizmente se é necesario, porque, por suposto, é a subxugación des sobreviventes, o seu estado perpetuo de victimización, o que debe manterse custe o que custe. Do mesmo xeito que co Imperio, só a través desta subxugación pode a Cultura da Violación reproducirse a si mesma.

Librando unha guerra contra a cultura

O funcionamento e reprodución da Cultura da Violación é un tema demasiado complexo como para explicalo ou documentalo ao completo. As crúas xeralizacións e caricaturas que presentamos aquí son demasiado simples para recrear fielmente as dinámicas que experimentamos nas nosas vidas cotiás. Aínda que tentamos categorizar e definir en aras da claridade, para asignar unha forma ás estruturas opresivas coa esperanza de facelas recoñecibles, en realidade a maioría de individuos oscilarán entre distintos roles. Mesmo aqueles que ás veces poderían saírse dos límites sociais para proporcionar un apoio xenuíno, noutros casos poden ser as tropas de choque máis brutais da Cultura da Violación. Mesmo es propies sobreviventes poden asumir roles represivos entre si, seducidos pola perspectiva de subir un banzo máis na xerarquía social no canto de ofrecer solidariedade aes súes compañeiros. Os roles das persoas non son estáticos e os sistemas de opresión non están conxelados. A interacción entre as forzas silenciadoras, represivas e recuperadoras da Cultura da Violación non é conspirativa. Estes elementos, ás veces separados pero sempre complementarios, non se reúnen para tramar estratexias ou repartirse as tarefas. Pero, por suposto, aquí as colaboracións non dependen tanto das asociacións reais como dun interese compartido. Aqueles con intereses compartidos chegarán a conclusións similares ou traballarán cara a obxectivos similares sen necesidade de interactuar. A través disto, a Cultura da Violación revélase non só como un concepto vago, senón tamén como as condicións materiais concretas que levan ás persoas a concluír, consciente ou inconscientemente, que o seu interese radica en silenciar a unhe sobrevivente, en ser cómplice da súa continua subxugación, ou en opoñerse activamente á súa loita.

A queixa de que a xente “*simplemente toma o camiño fácil*” articula parcialmente este problema, pero tamén o atribúe só a momentos de debilidade moral entre es individuos. Isto evade a pregunta máis obvia: por que as nosas comunidades radicais aínda están estruturadas de tal xeito que “o doado” non é apoiar a unhe sobrevivente? Que o fai difícil? Unha visión máis materialista das nosas respostas á violencia interpersonal, unha que non mira á política ou o sentido da decencia de alguén, senón máis ben ás condicións materiais como as súas dependencias sociais (por exemplo, ás súas persoas próximas, con quen viven, con quen se organizan, cales son as súas redes de apoio, de que dependen e como se verían afectadas estas cousas ao apoiar xenuinamente a unhe sobrevivente) podería proporcionar unha mellor comprensión de como nosos propios intereses son controlados e moldeados por unha Cultura da Violación.

Se cadra, o factor mitigante máis significativo destas condicións é o Poder. Tanto o poder dunhe sobrevivente na comunidade como o poder correspondente dunha persoa agresora son chave para dar forma á resposta comunitaria. Cando unhe agresore ten moi pouco poder en comparación co des sobreviventes, ou cando non é nin sequera parte da comunidade, unha demostración simbólica de apoio na comunidade custa pouco e axuda a manter o verniz benevolente da



Cultura da Violación. Por suposto, este rara vez é o caso. Comunmente díxose que o apoio para unhe sobrevivente non debe ser obstaculizado pola posición de poder de súa agresore na comunidade, pero a propia posición de poder recibe pouco escrutinio, como calquera posible correlación entre esa posición de poder e a violencia interpersoal (a cal é, en si mesma, unha brutal expresión de poder). O fracaso ao establecer esta conexión é como preguntar que veu primeiro, o ovo ou a galiña, e logo insistir en que a galiña e o ovo non teñen nada que ver entre si. Este punto cego é especialmente curioso entre anarquistas, que afirman opoñerse a todas as formas de poder xerárquico.

Diso dedúcese que unha análise xenuína do funcionamento da Cultura da Violación debe incluír tamén unha análise das relacións de poder que gobernan as nosas vidas. Isto implica non só as xerarquías, formais ou non, que persisten mesmo en espazos anarquistas, senón tamén os sistemas de poder maiores que as informan, como o Patriarcado, a Supremacía Branca, o Colonialismo, o Capacitismo, e demais. Debemos recoñecer o lugar lexítimo da Cultura da Violación dentro da sociedade capitalista. A través disto, podemos recoñecer a Cultura da Violación como un mecanismo de control social, xa que reforza estes sistemas de poder e dominación, os cales a cambio reproducen tamén. Vólvese entón necesario socavar as divisións xerárquicas que serven tanto para facilitar a violencia interpersoal en si mesma como para moldear os intereses daqueles que están en condicións de respostar contra ela. Moites anarquistas rexeitan debidamente o egocentrismo das políticas de identidade, pero para unha resistencia xenuína é crucial unha análise aguda dos sistemas de poder, as formas en que estes sistemas ofrecen privilexios para algunhes de nós pero opresión para outres, e as formas en que as nosas experiencias destes sistemas de poder influen nas formas nas que loitamos contra eles. Para atacar con éxito unha Cultura da Violación, debemos atacar as raíces deste Poder.

A imaxe da comunidade

Moites activistas contra a violencia parten da precaria presunción de comunidade; de que unhe sobrevivente ten unha base social á que pode acudir en busca de axuda, ou ben unha rede de apoio que escapa á influencia do poder que acabamos de discutir. Aquí a comunidade defínese de xeito bastante nebuloso ou non se define en absoluto. É a túa comunidade un espazo xeográfico, como o barrio no que vives? É unha identidade ou experiencia compartida, como ser queer ou negre? Son as persoas coas que pasas o teu tempo, como a túa familia, compañeiros de traballo ou amigos? Unha comunidade pode ser unha combinación

de todas estas cousas, pero ningunha destas cousas apunta a unha posición inherente de apoio.

Aquilo ao que adoitamos referirnos como "a comunidade anarquista" é se cadra descrito de forma máis precisa como unha subcultura xuvenil⁸. A súa natureza transitoria e temporal faina estar infraequipada para un proxecto de longa duración de sanación do trauma. Ademais, tanto a dependencia como o reforzo da Cultura da Violación por parte doutros sistemas de poder expoñen un desafío particular ás comunidades anarquistas de Norteamérica, dominadas por persoas predominantemente brancas, de clase media e a miúdo masculinas. Non é raro que estas comunidades estean tan comprometidas coas súas propias posicións de privilexios que rematen demasiado subordinadas a varios sistemas de poder como para arriscarse a calquera ataque significativo contra eles. En tales casos, a "comunidade" anarquista queda revelada non como un espazo radical dende o cal atacar senón como un corpo reaccionario destinado a esmagar estes ataques. É unha "comunidade" e "anarquista" só en aparencia.

Moitos anarquistas nin sequera se decatan da importancia e as interconexións entre construír comunidade e atacar sistemas de opresión, e aqueles de nós que si o entendemos raramente facemos uso desta conclusión alén da nosa retórica. E, indo quizáis máis ao momento chave, a miúdo cometemos o erro de asumir que os obxectivos do noso "ataque" atópanse só fóra de nós mesmos. Aquí, o ataque non se entende como o enfoque case militarista que se basea unicamente na destrución da propiedade e os enfrontamentos físicos, unha posición defendida por moitos anarquistas. En cambio, o ataque é o proceso a través do cal recoñecemos as forzas que nos oprimen e buscamos destruílas. A cuestión da violencia, do que se necesitará para destruír os sistemas de poder, está en gran parte fóra das nosas mans. O capitalismo, cos seus exércitos permanentes e as súas múltiples prisións, deixou perfectamente clara a súa posición sobre o asunto. Aqueles compañeiros entre nós que inevitablemente levan o lastre da supremacía branca, o patriarcado e o colonialismo, aqueles que se atopan na posición de apoloxista, poden esperar exercer un rango máis amplo de opcións. Poden elixir unirse a nós. Poden elixir, como o fixemos, atacar aqueles aspectos de si mesmas que recrean o vello mundo, e reforzar o ataque contra aqueles que elixen o contrario. Debería ser esta elección a que defina aos anarquistas, o que nos distingue dos nosos inimigos e guíanos cara es neses compañeiros. É a partir desta elección que se volve posible toda loita xenuína.

8. É dicir, se estamos dispostes a describila tal e como realmente existe, en lugar de definila dacordo ás nosas fantasías.



A XENTE DANADA É PERIGOSA
SABEN QUE PODEN SOBREVIVIR

